



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 3/08/2023, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

#### **ASISTENTES**

#### **PRESIDENCIA**

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (Adv)

#### **CONCELLEIROS**

#### **PARTIDO POPULAR (PP)**

INSUA LAGO, Luis Manuel  
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana  
TRABA FERNANDEZ, José Manuel  
SUAREZ SILVA, Jenifer  
CANOSA TRILLO, Manuel

#### **ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (Adv)**

MARTINEZ TRABA, Francisco  
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

#### **PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG - PSOE)**

MARCOTE SUAREZ, José  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

#### **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos

#### **SECRETARIO - ACIDENTAL**

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 3/08/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e

resolver sobre o contido da seguinte

#### **ORDE DO DÍA**

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACUSTICA DO CONCELLO DE FISTERRA.

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 10/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 106.749,99 €.

6º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE RETRIBUCIONS DOS CARGOS PUBLICOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

7º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

### **1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión de configuración e organización da corporación municipal celebrada polo Pleno da Corporación o día 7/07/2023, distribuída coa convocatoria.

- Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que na acta, no punto 12 de periodicidade de sesións plenarias, poñe que a primeira sesión ordinaria que se celebre sexa o venres 3/08/2023, cando debería dicir o xoves 3/08/2023.

Acto seguido, a Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión do Pleno da Corporación de 7/07/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

#### **A) COMISION INFORMATIVA PERMANENTE DE URBANISMO**

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“As Comisións Informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes.

Igualmente, informarán aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local, e da Alcaldía, que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión daqueles, e, efectuarán o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno e dos Concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.

Son Comisións Informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que han de someterse ao Pleno. O seu número e denominación iniciais, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta da alcaldía, procurando, no posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturen os servizos corporativos.

No acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

- a) A Alcaldía, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.
- b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.
- c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á alcaldía, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

De conformidade co artigo 124.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

### PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) A creación da COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE URBANISMO, que terá por obxecto ou exame, estudo e informe de todas aquelas materias que estean relacionadas co Urbanismo:

2º) A composición da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo estará integrada por:

- A presidenta da corporación.
- 3 membros do grupo municipal do Partido Popular
- 1 membros do grupo municipal de Alternativa dos Veciños
- 1 membro do grupo municipal do Partido Socialista
- 1 membro do grupo municipal do BNG

3º) Tódolos grupos remitirán a través do seu voceiro un escrito no que designen os nomes dos concelleiros que formarán parte da Comisión en representación do seu grupo. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular”.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Ao non facer uso da palabra ningún/ha concelleiro/a, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a creación da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo.

### **B) COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“Segundo o establecido no artigo 127 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

1. A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispoñe o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axustase ao establecido para as demais Comisións Informativas.

2. Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extra orzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

3. Ben a través do regulamento orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e facenda da entidade.

Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar na Comisión Especial de Contas, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.

No acordo de creación das Comisións Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:

a) A Alcaldía, é o Presidente nato de todas elas; con todo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seo.

b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

c) A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á alcaldía, e do que se dará conta ao Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

De conformidade co artigo 124.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

### PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) A creación da COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, que terá por obxecto o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extra orzamentarias que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

2º) A composición da Comisión Especial de Contas, estará integrada por:

- A presidenta da corporación.
- 3 membros do grupo municipal do Partido Popular
- 1 membros do grupo municipal de Alternativa dos Veciños
- 1 membro do grupo municipal do Partido Socialista
- 1 membro do grupo municipal do BNG

3º) Tódolos grupos remitirán a través do seu voceiro un escrito no que designen os nomes dos concelleiros que formarán parte da Comisión en representación do seu grupo. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular”.

Ao non facer uso da palabra ningún/ha concelleiro/a, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a creación da Comisión Especial de Contas.

### **3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACUSTICA DO CONCELLO DE FISTERRA.**

Dáse lectura á Memoria da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“No Boletín Oficial da Provincia de número 137 de 20/07/2017, publícase o texto íntegro da ordenanza de protección contra a contaminación acústica do concello de Fisterra, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión de 11/04/2017 ao non se ter presentado reclamacións contra o seu contido, e entrou en vigor aos 15 días hábiles da súa publicación no BOP, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

Nesta ordenanza, o artigo 14 trata dos comportamentos cidadáns, co seguinte contido:

“Artigo 14. Comportamentos cidadáns.

Con independencia de cuestións de orde pública:

1. A produción de ruído e vibracións que supoña unha superación dos límites que esixe a presente Ordenanza non terán a consideración de comportamentos veciñais tolerables.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

As actitudes de: berros, golpes, portazos, festas, bailes, cantos, traballos, reparacións, movemento de mobiliario, ruído de animais, utilización de bucinas ou de instrumentos musicais, e outras de similar natureza, superando os valores límite que establece a lexislación, son incompatibles co respecto desta Ordenanza. Considéranse especialmente gravosos os citados comportamentos cando teñan lugar en período nocturno.

Para a aplicación deste punto do presente artigo os valores límite de recepción a considerar serán iguais aos indicados no artigo 12 desta Ordenanza.

2. Prohíbese, con carácter xeral, o emprego en espazos públicos de todo dispositivo sonoro con fins de alarma, propaganda, reclamo, aviso, distracción e análogos, cuxas condicións de funcionamento produzan molestias. Esta prohibición non rexerá nos casos de urxencia ou de tradicional consenso e poderá ser dispensada por razón de interese xeral ou de especial significación cidadá. Dita dispensa deberá ser explicitada na autorización municipal.

En todo caso os titulares destes dispositivos porán en coñecemento do Concello a existencia dos mesmos para a súa interrupción en caso necesario (as alarmas estarán conectadas a unha central), o que non lles eximirá da correspondente sanción.

A actividade dos mesmos soamente se acepta para os casos establecidos como avisos, tentativas de roubo ou similares, ou outros casos xustificados como se indica no paragrafo anterior, nos instantes posteriores á instalación e comprobacións periódicas do funcionamento dos mesmos (cun máximo dunha vez cada tres meses e en período diúrno), e todo elo durante un tempo total de funcionamento (incluídas as paradas) non superior a 10 minutos, tras o cal o sistema de aviso será luminoso. Os valores que se acaden non superarán os 85 dB medidos a 3 metros de distancia en dirección de máxima emisión. O tempo de emisión continuado será dun máximo de 30 segundos e similar ao das paradas”.

Transcorrido un tempo máis que prudencial desde a súa entrada en vigor e despois de recibir varias denuncias sobre o comportamento nocturno por parte da veciñanza en edificios deste termo municipal, faise necesario proceder á modificación da ordenanza, coa finalidade de regular estes comportamentos.

Por todo iso, propoño ao Pleno da Corporación a modificación do artigo 14 da ordenanza de protección contra a contaminación acústica do concello de Fisterra, coa inclusión do apartado 3, co seguinte contido:

“Artigo 14. Comportamentos cidadáns

3. Comportamento nocturno.

Entre as 10 da noite e as 8 da mañá queda prohibido:

a) Cantar, usar instrumentos musicais ou semellantes, gritar ou vociferar.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- b) Realizar reparacións domésticas ou traballos que produzan molestias, agás autorización expresa.
- c) Realizar traballos de bricolaxe cando os ruídos ou vibracións superen os niveis permitidos.
- d) Utilizar aparatos domésticos si emiten un nivel de ruído superior ao permitido nesta disposición.

Fisterra, 31 de xullo de 2023

A Alcaldesa

Asdo. Áurea Domínguez Sisto"

-Intervén o voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que estiven vendo o informe de secretaria intervención sobre a modificación da ordenanza e a verdade é que as ordenanzas de vez en cando hai que darlle un repaso, porque polas razóns que sexan, porque cambia a normativa que a regula hai que modificalas. Tamén é verdade que hai que modificalas cando é necesario, se non é necesario pois non se modifican. Despois de ler a ordenanza, vexo que ao final do informe poñe o que procede neste expediente é a modificación do artigo 14 de comportamentos cidadáns coa inclusión do apartado 3 de comportamento nocturno que na actualidade non ven regulado. Ao mellor equivócome, pero penso que está regulado.

- O secretario accidental contesta que na ordenanza está regulado o artigo 14.1 e 14.2.

- O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que no artigo 13.1 ao final do primeiro parágrafo poñe as actitudes de berros, golpes, etc.

- O secretario accidental contesta que non fala do horario. E aquí do que se trata é de incluír o horario nocturno, distinguir que a partir de tal hora queda prohibido ...

- O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que por normativa, hai un decreto de ruídos que xa di cal é o horario nocturno e diurno. Se o que queremos é puntualizar e deixalo claro, non hai problema. Pero regulado está.

- O secretario accidental contesta que este apartado 3 está recollido no Decreto 320/2002, e o que facemos é incorporalo a esta ordenanza.

- O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que aí considerase gravoso os citados comportamentos cando teñan lugar en periodo nocturno. E o periodo nocturno si esta regulado. Agora que se se considera que pode dar lugar a confusión e hai que deixalo concretamente, non hai problema. Pero digo que xa está regulado. É unha interpretación miña que entendo que está regulado e non necesitaríamos metela, xa que este tipo de comportamentos está regulado, pero se hai dúbidas.

- O secretario accidental contesta que incluso o arquitecto recomenda a inclusión deste apartado na ordenanza .



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que a ordenanza fala do comportamento nocturno e o comportamento nocturno xa está regulado, se non recordo mal o horario nocturno é de 11 da noite a 7 da mañá.

- O secretario accidental contesta que o apartado 4 artigo 26 de comportamento nocturno, do decreto 320/2002, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, establece que entre as 10 da noite e as 8 da mañá, queda prohibido ....

- O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta entón é ese horario. É dicir, cando se fala de horario nocturno xa está estipulado cal é, pero se houbera lugar a dúbidas, non hai problema en incluílo.

- O secretario accidental contesta que do que se trata é de incorporar este apartado 3 á ordenanza municipal

Acto seguido a Sra. Alcaldesa pregunta ao resto de voceiros se queren realizar algunha intervención e ao non facer uso da palabra ningún/ha concelleiro/a, sometese este punto a votación.

Á vista do anterior, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar Inicialmente a modificación do artigo 14 da Ordenanza de Protección contra a contaminación acústica do concello de Fisterra, coa inclusión do apartado 3, co seguinte contido:

### Artigo 14. Comportamentos cidadáns

#### 3. Comportamento nocturno.

Entre as 10 da noite e as 8 da mañá queda prohibido:

- a) Cantar, usar instrumentos musicais ou semellantes, gritar ou vociferar.
- b) Realizar reparacións domésticas ou traballos que produzan molestias, agás autorización expresa.
- c) Realizar traballos de bricolaxe cando os ruídos ou vibracións superen os niveis permitidos.
- d) Utilizar aparatos domésticos si emiten un nivel de ruído superior ao permitido nesta disposición.

2º) Someter este expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias, prazo que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincial. Deberá publicarse, así mesmo, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

3º) Simultaneamente, publicarase este acordo no portal web do concello (dirección: [https://concellofisterra.gal/portal\\_cidadan/ordenanzas\\_municipais/gl](https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl)) co obxecto de dar





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais podan facerse por outras persoas ou entidades.

4º) Concluído o período de información pública, as reclamacións e/ou suxerencias presentadas, deberán resolverse por acordo do Pleno da Corporación.

5º) No suposto de non se presentaren reclamacións ou suxerencias, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

6º) Para a entrada en vigor do acordo de aprobación definitiva (expresa ou tácita) da Ordenanza, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia o texto integro definitivo da ordenanza, e entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello ([https://concellofisterra.gal/portal\\_cidadan/ordenanzas\\_municipais/gl](https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/ordenanzas_municipais/gl)).

### **4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INCREMENTO DO IMPORTE CONSIGNADO NA PARTIDA ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Á PRODUTIVIDADE.**

Intervén o Secretario-Accidental manifestando que:

Tendo en conta que do artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, desprendese que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos empregados públicos, e ao Presidente da Corporación a distribución da devandita contía entre os diferentes programas ou áreas e a súa asignación individual.

Considerando que desde o día 4/05/2021, o posto de secretaría - intervención está vacante nesta corporación e esta situación incrementa a carga de traballo que soportan certos empregados públicos, para que esta vacante non repercuta negativamente nos servizos que presta este concello.

Considerando que na Táboa que de seguido se indica, móstranse os emolumentos que corresponden ao posto de secretaría – intervención que están orzamentados e non se consumen:

		EMOLUMENTOS NON CONSUMIDOS				
SECRETARIA	MENSUAL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	TOTAL
<b>SOLDO</b>	<b>1.288,31 €</b>	1.288,31 €	1.288,31 €	1.288,31 €	1.288,31 €	5.153,24 €
<b>ANTIG</b>	<b>247,95 €</b>	247,95 €	247,95 €	247,95 €	247,95 €	991,80 €
<b>C.D.</b>	<b>1.009,38</b>	406,52 €	406,52 €	406,52 €	406,52 €	1.626,08 €
<b>C.E.</b>	<b>2.028,44 €</b>	586,01 €	586,01 €	586,01 €	586,01 €	2.344,04 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.574,08 €</b>	2.528,79 €	2.528,79 €	2.528,79 €	2.528,79 €	10.115,88 €

Tráese ao Pleno da corporación a proposta de incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de dez mil cento quince euros e oitenta e oito céntimos (10.115,88 €).

Acto seguido, a Sra. Alcaldesa inicia unha quenda de intervencións.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-Intervén o voceiro do grupo Popular Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que

-Intervén o voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que como ben dixo o secretario accidental, esta é unha proposta que xa se traía antes, evidentemente, nós estivemos nese período de accidentalidade, pois quizais, un tempo ao mellor, mais largo do que se debería, pero tamén é verdade que a nosa idea, de seguir, era a principios de lexislatura, que quizas sexa o momento mais oportuno, pois todos sabemos que cambiar unha persoa como o secretario interventor no concello trae consigo unha problemática en retrasos de expedientes e todo iso, entendemos que ao mellor o principio de lexislatura, corrixir esa situación sería o mais axeitado. Entón, nós é unha proposta que facemos, que esa accidentalidade que ten que ser excepcional, que se corrixa en canto o vexa o goberno actual, convinte. Nós imos aprobar este punto, porque xa o viñamos facendo.

-Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que nós tamén imos votar a favor do punto, porque como ben di Pepe, é algo que se viña facendo. O que pasa é que ao mellor nos non o faciamos antes, e ata que saian os decretos nos non sabemos a onde van a parar as produtividades. Entón ao mellor se se fora facendo do mesmo xeito que se facía ata o de agora non habería ningún inconvincente pola nosa parte, pero gustaríanos saber a onde vai parar a produtividade e a quen vai ir a parar a produtividade. Sabemos ben o funcionamento do concello e podemos pensar que ao mellor merece mais uns que outros, unhas que outras.

- Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que vostede non o vai a saber porque non está dentro do goberno, terase que fiar dos que estamos traballando e ao final daremos razón, pero imos facer como faciades vos.

Acto seguido a Sra. Alcaldesa pregunta ao resto de voceiros se queren realizar algunha intervención e ao non facer uso da palabra ningún/ha concelleiro/a, sometese este punto a votación.

Á vista do anterior, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación por seis (6) votos a favor (3 AdV, 2 PSdG, e 1 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo popular, acorda:

1º) Incrementar a partida orzamentaria 920/150.00 de produtividade na contía de **dez mil cento quince euros e oitenta e oito céntimos** (10.115,88 €), coa correspondente transferencia de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto ou que afecten baixas e altas de créditos de persoal.

Esta modificación de crédito vaise financiar con cargo aos emolumentos do posto de secretaría – intervención non consumidos durante os meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2023.

**5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 10/2023, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CREDITO, FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA, POR IMPORTE DE 106.749,99 €.**

EXPEDIENTE: 2023/T002/000010



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Intervén o Sr. Secretario – Interventor accidental dando unha explicación das partidas que se pretenden suplementar neste expediente,e:

Ante a existencia de gastos para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, faise precisa a Modificación Orzamentaria 10/2023, na modalidade de modalidade de Suplemento de Crédito financiado con remanente líquido de Tesourería, por un importe de **cento seis mil setecentos corenta e nove euros e noventa e nove céntimos** (106.749,99 €).

Considerando que a Sra. Alcaldesa mediante Providencia de 31/07/2023, ordena o inicio do expediente de Modificación Orzamentaria 10/2023 na modalidade de Suplemento de Crédito, financiado con remanente líquido de tesourería, para suplementar aplicacións orzamentarias do orzamento de 2023.

Así mesmo, con data 31/07/2023, a Sra. Alcaldesa emite a correspondente Memoria na que se recollen os detalles da modificación de créditos a realizar.

Con data 31/07/2023, emitíuse informe xurídico sobre a lexislación aplicable e o procedente a seguir.

Con data 31/07/2023, emitíuse informe de control permanente previo polo que se informou favorable a proposta da Alcaldía e con data 31/07/2023, elaborouse o informe de control permanente sobre o cálculo da estabilidade orzamentaria.

Acto seguido a Sra. Alcaldesa inicia unha quenda de intervencións.

- Intervén o voceiro do grupo popular, Sr. Luis Manuel Insua Lago, manifestando que neste punto ímonos abster. Entendemos que é unha decisión do goberno en funcións das necesidades, entón o noso voto vai ser de abstención.

- Intervén o voceiro do grupo PSdG, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que nos tamén nós imos abster por razóns parecidas, aínda que ao mellor hai partidas que deberían estar un pouco máis xustificadas como o incremento de 25.000 € para festexos, había que ver porque non chegan os cartos de antes ou vai haber máis festexos. Igual coa partida 341/480.00 de deportes, que se prevé para eses 10.000 €, porque se incrementa esa partida. Nesa partida estaba a Sociedade Deportiva Fisterra, Veteranos, a Asociación Rapacollóns. A que se debe o aumento destes 10.000 €.

-Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que a Sociedade Deportiva Fisterra recibiu unha promesa ou compromiso por parte da anterior corporación deses 10.000 €. Entón, nós orzamentámolo aquí para telo dispoñible e ver realmente o que imos facer. Vos diredes si tiñades ese acordo ou non, probablemente nunha comisión de asuntos xerais seredes convocados para tratar este punto. A Sociedade Deportiva Fisterra é moi importante para Fisterra e para nós tamén e intentamos orzamentar esta contía para tela a disposición.

-Ovoceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que xa me queda aclarado. De todas formas, é verdade, pero quedou pendente a modificación do convenio porque realmente a partida que se lle estaba dando de 20.000 € en base a un convenio que tiñan asinado co concello no que aparecía esa contía. O de meter esa cantidade no orzamento non ten ningún problema, está aí e cando sexa necesario



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

dispoñer dela, está aí. A idea era a de modificar o convenio no sentido de que se iba a incorporar a sección feminina de fútbol, entón evidentemente nós íamos apoiar esa idea do que é o equipo de fútbol e apoiála economicamente evidentemente. Ao abrir unha sección nova incrementánselle os gastos, non cabe dúbida. Pero iso, evidentemente, pasa pola modificación, sinatura e aprobación do correspondente convenio. Porque o que está agora non serve xa que ten unha cantidade diferente. Pero si é para iso, está ben.

- Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que nós imos votar a favor da modificación de crédito, aínda que sexa unha cousa do goberno é algo que viñamos facendo nós e sabíamos que o orzamento é bastante xusto no momento en que os traballamos e sabemos que iamos ter que facer isto co remanente ao longo do ano. O que si nós gustaría saber, xa que nós enteramos agora do que pasa co clube de fútbol, que tamén estamos de acordo co PSOE, porque hai que asinar un convenio novo co clube, e a parte de que se una a sección feminina, hai unhas cousas que non se estaban cumprindo no anterior convenio, que se poden quitar ou se poden cumprir, pero hai outras coma a publicidade nas camisetas das categorías infantís que levaran todas a publicidade "concello de Fisterra". Que os equipos xuvenís e feminino e senior masculino puideran buscar patrocinio noutros lados. Esa era un pouco a idea de cambiar o convenio para a creación entre o clube e o concello dun torneo de verán que podería ser nas festas do carne ou buscarlle unhas datas destas, pero sempre que se fora a facer, a levar adiante. E no que toca coas festas, cal é a partida de festas que se incrementa, porque festas non apareceu ningunha mais, entón para subir a partida tuvoselle que incrementar a partida a algunha festa.

Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que as festas son as mesmas, pero imos moi xustos. Eu de momento non celebrei nada.

Acto seguido a Sr. Alcaldesa somete este punto a votación e de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **o Pleno da Corporación, por catro (4) votos a favor, (3 AdV e 1 BNG) e sete (7) abstencións (5 PP e 2 PSOE), adopta o seguinte**

### ACORDO

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 10/2023, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, por un importe de **cento seis mil setecentos corenta e nove euros e novena e nove céntimos (106.749,99 €)**.

### Suplementos en Aplicacións de Gastos

APLICACIÓN		DESCRICIÓN	CREDITOS INICIAIS	SUPLEMENTO CREDITO	CREDITOS FINAIS
PRO G	ECON				
130	625.00	Mobiliario	3.000,00 €	50,00 €	3.050,00 €
133	209.00	Cánones	9.437,99 €	23.000,00 €	32.437,99 €
160	213.00	Maquinaria, instalacións e utilaxe	10.000,00 €	5.000,00 €	15.000,00 €
161	130.00	Retribucións básicas	84.816,34 €	4.200,00 €	89.016,34 €
161	213.00	Maquinaria, instalacións e utilaxe	30.000,00 €	10.000,00 €	40.000,00 €



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

231	227.06	Estudos e Traballos Técnicos	21.500,00 €	14.999,99 €	36.499,99 €
324	212.00	Edificios e outras construcións	1.000,00 €	3.000,00 €	13.000,00 €
338	480.00	A familias e institucións sen fins de lucro	30.000,00 €	25.000,00 €	55.000,00 €
341	480.00	A familias e institucións sen fins de lucro	24.000,00 €	10.000,00 €	34.000,00 €
912	226.01	Atencións protocolarias e representativas	2.000,00 €	2.500,00 €	4.500,00 €
920	160.00	Seguridade Social	328.088,24 €	1.500,00 €	329.588,24 €
920	202.00	Arrendamento edificios e outras construcións	5.300,00 €	500,00 €	5.800,00 € €5.800,00 €
920	220.01	Prensa, revistas, libros e outras publicación	5.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €
920	626.00	Equipos para procesos de información	3.500,00 €	2.000,00 €	5.500,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>557.642,57 €</b>	<b>106.749,99 €</b>	<b>664.392,56 €</b>

Esta Modificación do orzamento municipal financíase con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio anterior, nos seguintes termos:

### Orzamento de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	106.749,99 €
			Total	106.749,99 €

Ademais queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

### **6º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE RETRIBUCIONS DOS CARGOS PUBLICOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

“De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; co establecido no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; así como da modificación introducida polo artigo 4 da Lei 9/1991, de 22 de marzo, pola que se modifican determinados artigos da Lei 25/1983, do 26 de decembro, de incompatibilidades de altos cargos; da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; da Lei de Contratos do Estado e da Lei 24/1988, de 28 de xullo, do mercado de valores.

Tendo en conta o que se establece na Lei 31/2022, do 31 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, na súa Disposición Adicional Vixésima sétima, de réxime retributivo dos membros das corporacións locais.

### PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) Recoñecer unha dedicación parcial do 95% a esta alcaldía, para o desempeño das súas responsabilidades corporativas, a partir do día de hoxe, polo seguinte importe:

Habitantes	Referencia BOE (100%)	Proposta 95% (14 pagas)	Proposta 95% (mensual)
1.000 a 5.000	46.464,02 €	44.140,81 €	3.152,91 €

Este importe será bruto, ao que se terá que descontar a porcentaxe do IRPF e cotas á seguridade social que correspondan.

Este importe anual, distribuirase en 12 pagas mensuais, e 2 pagas extraordinarias, que se percibirán nos meses de xuño e decembro.

Fisterra, 31 de xullo de 2023

A Alcaldesa

Asdo. Áurea Domínguez Sisto”

Acto seguido a Sra. Alcaldesa inicia unha quendas de intervencións.

- Intervén o voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que a nosa postura neste asunto quedou suficientemente clara na sesión plenaria e por suposto non houbo ningunha variación ao respecto nin ningunha negociación pola parte que lle compete do asunto. Solo trata de facer ruido nas redes sociais.

De todas formas e debido á reiteración na proposta da alcaldía, creo que é o momento de que os veciños saiban o ofrecemento que este grupo e eu mesmo persoalmente lle fixemos ao seu grupo e a vostede nunha desas reunións que tivemos e que vostede mesma declinou sen pensalo. A proposta foi a seguinte: Señora alcaldesa, pode vostede xuntar forzas, facer un goberno con 8 de 11 concelleiros, un goberno forte, estable e con futuro para o noso concello, un goberno no que se respecte a opción maioritaria dos fisterráns e na que vostede e o seu grupo formen parte polo ben de Fisterra. Desta maneira, entre outros moitos asuntos, trataríase o tema que tanto lle preocupa, como é o tema das dedicacións e poderíamos negocialas e chegar a un



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

acordo. Como ben dixen antes, esta proposta foi declinada no mesmo momento porque vostede de nós quere todo sen dar nada a cambio. As negociacións entre vostede e mais eu é cero, non hai ningunha negociación. Eu prantéxolle unha oferta e declinoua no momento, nin sequera a pensou.

- Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que non sei cal é a súa oferta.

- O voceiro do grupo popular, Sr. Luis Manuel Insua Lago, contesta que lla volve repetir. Nunha desas reunións que tivemos, nas que me chamaba un día antes, eu ofrecille a posibilidade de facer un goberno forte, con 8 de 11 concelleiros, e dixenlle que o tema da dedicación é un problema de agora mesma para vostede. Enton, eu no despacho da alcaldía, non lle ofrecín facer un goberno de 8 de 11 concelleiros, e vostede dixo non, eu son a alcaldesa.

- Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contestando, pero ti que me ofreceches? Ofrezoche un goberno de 8 de 11? E que estou un pouco espesa, son moitas horas. É que me propoñas? E que non oín a proposta, dígama por favor e que non sei cal é a proposta. 5 + 3 é que?

- O voceiro do grupo popular, Sr. Luis Manuel Insua Lago, contesta que 5 + 3 son 8. Un goberno forte e estable para Fisterra, presidido pola forza maioritaria, polos 1200 votos que tivemos. De todas formas como xa a declinou no mesmo momento e tomouna a risa, os veciños non a tomaron a risa fai dous meses e cunha actitude un pouco vacilona pois non importa, non pasa nada.

- Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contestando que nunca fostes tan clara comigo como estas sendo agora. En ningún momento.

- O voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, contesta que estouno sendo agora diante de todos os fisterráns. A nosa actitude non é un non pechado, nós non somos pechados, nós temos unha proposta que a xente elixiu.

- Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contestando que vostede no meu despacho ofreceume que contemplara a posibilidade de dimitir, xa mo dixo na reunión que tiveramos vésperas do anterior pleno.

- O voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, contesta eu?. Vostede díxome a min antonte, vós o que queredes é que dimita. Esas son palabras súas. Eu non uso nunca esa palabra, e dubido moito que dixera iso. De todas formas eu remitílle novamente a nosa oferta. Se tanto lle preocupa este punto e vaino seguir traendo a pleno tras pleno, este é o noso ofrecemento que antes llo fixen en privado e agora fago diante de todos os veciños, para que saiban que non é un non pechado. Vostede quere todo tendo 3 concelleiros. De todas formas eu o que lle digo é que aproveite a oportunidade xa que ten 500 votos e outros con 1200 non temos esa oportunidade.

Intervén o Sr. Francisco Martínez Traba, concelleiro do grupo Alternativa dos Veciños, puntualizando que teñen setecentos vinte e tres votos.

- O voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifesta, por favor, podemos falar tódolos concelleiros?



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, manifesta que a corporación local é a que ten a palabra. E devólvelle a quenda de intervencións ao voceiro do grupo popular.

- O voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifesta que corríxome, 700 e algo votos e non 500, trabuqueime. Vólvolle a facer o ofrecemento, como unha oferta para o ben do municipio, para o ben de todos, un goberno para os vindeiros catro anos. Se tanto lle interesa isto, despois sería tratado sen ningún tipo de problema. O que non imos facer é chegar aquí para levantar a man os once, ou polo menos o noso grupo e achantar. Iso non o imos facer. Esta é a nosa oferta, se a quere estudar, nos estamos abertos a negociar. Esta é a oferta que eu lle faga ao voso grupo, pola vosa parte nunha houbo ningún ofrecemento cara min nin ningunha negociación. Aproveite a oportunidade que outros con 1200 votos non a teñen.

- Intervén o voceiro do grupo Alternativa dos Veciños Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, manifestando que eu quero reiterarme do que dixen no pleno anterior. Aquí nos últimos 8 anos, cobráronse dúas dedicacións, tiñan maioría absoluta para poder aprobala e así o fixeron, a pesar de todo, o PP dicía que o alcalde ten que ter un soldo e é digno que o cobre, e tamén o apoiou sen necesidade de soldos. Sen embargo agora nós non o merecemos. Si o merecía quen non necesitaba do voso apoio. Con respecto ao PSOE vou dicir o mesmo, nos anos anteriores o PP tiña maioría absoluta, non necesita tampouco apoio de ninguén, sen embargo o PSOE tamén dicía que o alcalde debe cobrar, porque é digno que unha persoa como alcalde cobre dos orzamentos e non necesitado o PP do apoio do PSOE tamén o PSOE llos outorgou, sen embargo nós que somos Alternativa dos Veciños, e debemos ter algún tipo de peste sobre nós, non merecemos o apoio nin duns nin dos outros. Un dinos que nos apoiará se o nomeamos alcalde, e os outros dinnos, neste caso o PSOE, que non cree nas nosas políticas, sen embargo apoiaron a proposta do PP dos soldos, sen necesitala, sen que tampouco cresen nas políticas do PP. Pero neste punto estamos, así seguiremos, non imos ceder, non imos abandonar, imos seguir traballando por Fisterra, imos facelo o mellor que poidamos, facer cousas por Fisterra que para iso estamos aquí.

- Intervén o voceiro do grupo Socialista Sr. José Marcote Suárez, manifestando que como ben dixo o concelleiro Francisco, non hai nada novo. Hai que crear maiorías que nos permitan gobernar e que nos permitan ter as dedicacións que fagan falta, e para iso hai que falar. Non hai que falar dous días antes de vir ao pleno. É unha cuestión programática, non é outro tipo de cuestión, non vos confundades. O que pasa é que nós entendemos que vostedes teñen 3 concelleiros, entón con 3 concelleiros que teñen non poden pretender levar adiante un presunto programa, porque non é viable. Entón terase que apoiar en alguén de nós, pero claro eu a este señor (Xan Carlos Sar Oliveira) no seu día, dúas veces, tivemos que facer unha cuestión programática onde había cousas deles e había cousas nosas. A nós non nos gustaban todas as cousas deles a eles tampouco lle gustaban todas as cousas nosas, pero se queremos formar unha maioría que nós permitan tomar decisións deste calibre ou de outro tipo, pois temos que apostar e polo ben do pobo, polo ben de Fisterra, temos que traballar e xuntarnos. Na segunda vez, aquí o Bloque meteunos nun brete, porque quería aumentar as súas competencias e non sei si algún dos que están aquí, probablemente o señor Traba recorda, que non chegamos a un acordo ata o mesmo día do pleno pola





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

mañá. E tivemos que asinar iso, porque entendíamos que tiñamos que ter esa maioría, senón non poderíamos facer nada. E costoume a min asinar iso? Non, porque iso que estabamos asinando a maiores non era do noso agrado, pero había algo máis grande que era gobernar. Entón, hai que sentarse.

Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando permítame que o corte, eu ofrecínlle entrar a gobernar con nós. A vostede e a o bloque. Ao PP non llo ofrecín porque consideraba que tiñan unha gran diferenza de votos con respecto de nós e que el ía a querer ser o alcalde. Pero na esquerda a lista mais votada é Alternativa dos Veciños. Vostede declinou, non sei porque agora tanto alardea, vostede declinou, dixo que non a esa posibilidade e kuka tamén.

- O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que eu dinlle outra proposta.

- A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que a proposta de ser vostede o alcalde, e iso sí que é negociar.

- O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que agora non é vostede a alcaldesa?

- A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta si, son a alcaldesa.

- O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta pois siga traballando, quédalle moito que traballar, e o seu traballo conseguir esas maiorías.

- A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta exactamente, claro que si, sigo traballando e córtolle.

- Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que como se dixo xa aquí, non hai nada novo, nós xa temos unha postura tomada sobre isto. E un orgullo para nós que o PP non queira facer con nós un goberno forte de seis. Son consciente de que isto é política e o que hoxe é un non, mañá pode ser un si, pero necesita de falar, intentar convencer a outra parte, e ao final a política non a facemos nós, eu non a fixen, non a fixemos os que estamos aquí, xa estaba feita cando nós chegamos, e ao mellor desta non che sae, pero eu penso que deberías seguir falando, o noso voto valo ter agora, valo ter cando presentes a proposta da dedicación, nós tivemos algún erro e algunha vez non votar a favor dalgunha dedicación e iso non ten que ver, pois sabemos corrixir os erros e que a partir dun punto que votemos a favor das dedicacións sempre que estean xustificadas e non sexan moi abultadas, seguimos mantendo o mesmo que dixemos no último pleno.

Acto seguido, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por catro (4)votos a favor (3 AdV e 1 BNG) e sete (7) votos en contra (5 PP e 2 PSdG), acorda rexeitar a proposta da alcaldía en todo ou seu contido.

Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que agora vouvos facer un discurso.

O día 17 de xuño fun investida alcaldesa polo pleno da corporación, o día 7 de xullo o mesmo pleno, cos votos en contra do PSOE e do PP negóuseme a asignación salarial do cargo. Hoxe 3 de agosto, despois dun mes e medio traballando con plena



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

dedicación para o concello, o pleno cos votos en contra o PSOE e do PP volve a negarme a asignación solicitada. Tíñao tan claro, que xa trouxen o discurso preparado.

Don José Manuel Traba Fernández do Partido Popular, foi alcalde de Fisterra durante doce anos, e cobrou sempre, sempre, desde o primeiro día a súa asignación de alcalde, e sempre obtivo os votos a favor do PSOE, hoxe, concelleiro desta corporación volve a negarme a asignación salarial.

Don José Marcote Suárez do PSdeG-PSOE, foi alcalde de Fisterra durante os últimos oito anos, cobrou sempre a súa dedicación de alcalde e sempre obtivo o voto favorable do PP. Hoxe concelleiro desta corporación, volve a negarme a asignación salarial de alcaldesa.

E seguides ámbolos dous, seguides dicíndome o mesmo que me dixéchedes o día 7 de xullo, nós si, ti non, porque non nos da a gana. Unha vez máis non aprobades o salario da vosa alcaldesa, si da vosa alcaldesa.

Eu non son quen para darlle leccións de política a ninguén, pero ao mellor de honestidade si. Isto que facedes non é facer oposición, isto ten outro nome, chámase revanchismo. Un revanchismo que non descarto de sexismo. Sabedes que estades causando un grave prexuízo, a min desde logo, pero tamén ao pobo de Fisterra polo que iso representa, pola repercusión dos vosos actos e da vosa convivencia política en prol do revanchismo político, en prol do sexismo, en prol da humillación da persoa que nestes momentos vos representa, en prol da desorganización do traballo e da dedicación que cada día emprego nesta casa para o beneficio do concello. Tedes un comportamento inmoral, un comportamento carente de coherencia política, teimando esa dobre vara de medir que con tanto garbo utilizades. É difícil de entender como persoas con eses manifestos resentimentos poden prometer desde a oposición, traballo, honestidade e xustiza para os veciños, cando sodes incapaces de entender a gravidade da vosa decisión e a repercusión dos vosos actos, que por certo vos delatan. Unha vez mais quedades retratados neste órgano de máxima representación municipal. Compráceme oír aos vosos votantes que me din que senten vergoña do que me estades facendo, porque din que estades solos, solos. Continuo coa miña dedicación como alcaldesa, con moita ilusión, traballando para o concello e maniféstome preparada para lidiar con todo isto, para lidiar con vós. Mañá as 8:30 estarei no concello traballando para todos, para vós tamén concelleiros sen principios nin moral.

### **7º) RESOLUCIÓN DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.**

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2023/G003/00000160 de 30/03/2023 ata a número 2023/G003/000396 de 31/07/2023.

-Intervén o voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que no decreto 340, entendo que hai un erro sen maior importancia, vítima do corta e pega. E o decreto de socorristas, e o erro fai referencia a lista de técnicos de turismo.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestándolle ao señor Marcote que está vostede ganando os 100 € do pleno.

- O voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, contesta que intentaba ler todos os decretos antes de asinalos e aínda así pasouseme algún.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, a Sra. Alcaldesa, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que propoñe ao pleno da corporación a creación dunha Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais, para tratar determinado asuntos de especial relevancia para o concello, antes de vir ao pleno.

Intervén o voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que eu pensei que substituías a de Urbanismo pola de Asuntos Xerais.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si, pode ser, o que pasa é que como está incluída no orde do día a de Urbanismo, non a cambiei. A de Urbanismo queda e creamos a de Asuntos Xerais.

Intervén o voceiro do grupo socialista, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que para poder votar si ou non á urxencia, o primeiro que temos que facer é falar. Eu realmente, non lle vexo a urxencia, é dicir, pódese facer perfectamente no vindeiro pleno. Mirádeo mellor, porque a creación desta comisión merece un pouquiño mais de estudio, é a miña opinión.

Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que eu quero tratar algún punto desta comisión na semana que ven. A súa é unha opinión que non ten sentido. Decides que vos chamo o día antes, pido que se faga esta comisión e a semana que ven xa vou convocala porque hai asuntos que me parecen de relevancia para o concello. Pero espero que na votación os demais o vexan diferente. E se non sae, pois virán a pleno directamente as miñas propostas, sen traballalas con vós. Este é un ofrecemento que vós fago para que participedes directamente dos temas de relevancia do concello.

Acto seguido, sométese a votación a declaración da urxencia que é ratificada por unanimidade do pleno da corporación, e procédese a tratar a creación da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais.

### “PROPOSTA DA ALCALDIA

1º) A creación da COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS, que terá por obxecto ou exame, estudo e informe de todas aquelas materias consideradas de especial relevancia para o concello de Fisterra:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) A composición da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais, estará integrada por:

- A presidenta da corporación.
- 3 membros do grupo municipal do Partido Popular
- 1 membro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños
- 1 membro do grupo municipal do Partido Socialista
- 1 membro do grupo municipal do BNG

3º) Tódolos grupos remitirán a través do seu voceiro un escrito no que designen os nomes dos concelleiros que formarán parte da Comisión en representación do seu grupo. Poderá designarse, de igual forma, un suplente para cada titular”.

Ao non facer uso da palabra ningún/ha concelleiro/a, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a creación da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo.

## 8º) ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, preguntando, para a poda do Paseo Marítimo de Sardiñeiro, supoño que se pediría permiso a Costas, non?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si. Por suposto que quedou abraiado coas condicións nas que estaba o Paseo Marítimo, o tratamento das dunas que eran silveiras, e non daban crédito a como puidemos deixar iso aí. A única actuación que se facía aí era un desbroce, como se fora un camiño de monte, cando é unha duna. Unha duna que eles dixeron, facede o que queirades porque aí xa non hai prantas dunares, iso é unha silveira, sacade todo o que poidades e adecentadeo.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, pregunta se se lle vai dar algunha solución a ocupación por parte das autocaravanas de espazos públicos, como por exemplo, o que está na rúa Alcalde Fernández?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que eu como non son ditadora, pretendo que a Comisión de Asuntos Xerais que acabamos de constituír agora, trate como primeiro tema, este, o das autocaravanas. Fisterra non ten unha ordenanza de caravanas e disto xa falei algunha vez con Kuka, que me dixo que estaba traballando nisto, José Marcote díxome que estaban traballando nisto tamén e nós tamén estamos traballando nunha. Entón este é o primeiro tema que quero para esta comisión e que o traballemos conxuntamente. Lóxicamente é a confección da ordenanza, buscando espazos esas cousas que todos sabemos que temos que facer e decidir, e espero que colaboredes.

O voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifesta que é necesario, porque os espazos públicos estanse ocupando.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si, que é necesario desde fai vinte anos. Agora ten moita urxencia, eu vou tratalo na primeira comisión que que teñamos, probablemente na semana que ven.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, pregunta como van as obras do pavillón municipal? Está tan mal como era de esperar ou moito sobrecusto?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que non, non, están peor do que era de esperar. Esperábase unha cousa, para iso había un presuposto, entón unha vez que se iniciaron os traballos, desmóntase o teito e resulta que esas vigas non van aguantar o teito novo co que se paralizan as obras e búscanse informes, buscase unha empresa que poda desmantelar e sacar esas vigas sen que caia a construción enteira, en fin, un papelón. Se queres mais detalles pasas e podes facer a inspección da obra porque se ve, eu teño vídeos que ademais ata poden saír na tele, porque ten a súa envergadura, están sacando as vigas, cousa de importancia. Isto non o imaxinas se non vas velo.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, pregunta, estase cobrando a taxa aos postos do mercadillo municipal?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que lle vou a derivar ao secretario accidental, eu como non vou a cobrarlle alí os postos, a verdade é que me pillas, agora, iso non o fago. Non vou alí coa carteira.

O secretario accidental Sr. Juan Carlos Carril Pérez, contesta que na venda ambulante sempre houbo retraso, imos cobrando a toro pasado e continuamos nesa dinámica. Pode ser que haxa un retraso, pero do ano pasado.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, pregunta, agora que está próximo o comezo do curso escolar, ademais da adecuación dos espazos que é necesario facer, como pintar, etc., teñen pensado repoñer o posto bedel no colexio Mar de Fóra?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si. Nós levabamos iso no programa. Estamos facendo xestións, a ver o que sairá. Agora en agosto as xestións quedan paralizadas, co que xa che adianto que para setembro non vai ser posible porque non nos da tempo. As eleccións foron en xullo, investíronme en ..., xa sabes ti os prazos, pero traballamos niso.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, pregunta, vaise reforzar o servizo de policía local con algún auxiliar? Estamos en tempada de verán, a poboación multiplícase e creo recordar que o ano pasado si que se reforzara cun auxiliar novo. Non sei se o teñen contemplado porque eu creo que fai falla.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que en principio, eu falei cos municipais e parece ser que ese reforzo teríamos que falar coa Academia da Policía Local e aínda non falei, porque falei con Protección Civil, e eles cubrennos moita actuación e en principio eu vou esperar unha semana polo menos, a ver como imos,



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

porque Protección Civil empezou a actuar fará dez días, e de momento imos indo. No momento que vexa un desbordamento de algo, pois claro que si.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, pregunta, vaise reforzar o servizo de recollida de lixo? Están os contenedores cheos todos os días, cas graves consecuencias que ocasiona aos veciños, hostaleiros, comercios, turistas, etc. Da unha imaxe bastante mala, sobre todo na zona do peirao.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si, iso si. Ademais voulle pasar co concelleiro que o leva, pero xa lle adianto que se puxeron uns contenedores que había unha pila deles en Ermedesuxo, na casa da Irmandade, que estaban alí, porque non se podían utilizar polo camiión de recollida de lixo que tiñamos xa que estes contenedores son grandes, teñen mais capacidade, hoxe o equipo de servizos múltiples xa pudo poñer algún, non sei se vichedes en Fisterra, en Sardiñeiro creo que deixaron dous. Tivemos que adaptalos para que o camiión do lixo puidera recoller. Alí estaban mortos, con telarañas. Entón xa os habilitamos, imos distribuílos e teñen de capacidade como un e medio dos outros contenedores. Non chega a dous, pero teñen mais capacidade. Xa sabemos que eran para orgánica pero resulta que o camiión non podía collelos e os camiións de orgánica que había tampouco, porque eran moi grandes. Tivemos que adaptalos meténdolle unha peza para que o noso camiión do lixo puidera recollelos. Xa se deixaron no aparcamento que hai polo Centolo e polo Alara tamén, en Sardiñeiro deixamos dous e estamos deixándoos onde consideramos porque había moita necesidade.

O voceiro do grupo Alternativa dos Veciños, Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, contesta que tivemos un problema fai catro domingos, nós non esperabamos tanta afluencia de turistas tan pronto, pero hai catro domingos desbordouse un pouco o lixo nos contenedores e a partir diso, como nós non facemos recollida os domingos, facemos de luns a sábado, e desde ese domingo, contratamos unha empresa auxiliar e ven todos os domingos a recoller o lixo a maiores do que nós recollemos de luns a sábado. A veces, esa empresa auxiliar non pode prestarnos servizo algún domingo, e neses casos teremos que traballar co noso camiión, xa que non imos deixar sen recoller, e xa veremos como facer, pero vai ser co noso camiión. Creo que temos o problema solventado e como dicía Auri, puxemos contenedores a maiores e non estamos tendo problemas, agás algún puntual como por exemplo hoxe que se avariou o camiión, tivo que ir a Santa Comba a repararse, reparouse de urxencia, pero cando se acabou de reparar xa eran as 2 da tarde e o camiión auxiliar que nos axuda estaba traballando en Santiago. Mañán van comezar as 6 da mañá, van traballar mais horas e tratar de recoller todo. As veces hai que solventar os problemas como se poda, pois o camiión a veces non da mais, ten avarias bastante continuas. Aí temos un problema, os camiións son moi caros, pero temos reforzos nos plásticos e no papel, que veñen un día a maiores na semana, tanto un coma o outro.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, pregunta, vaise tomar algún tipo de medida ao respecto das acampadas en espazos públicos, como na Praia do Rostro ou na Praia de Mar de Fora?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta cando vos o digades si, que sodes non sei cantos de once.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, pero si, vaise facer algún tipo de actuación?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta xa digo, eu xa fago estas comisións para resolver.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago contesta que eu coméntocho mais que nada, porque se me traes as propostas que traes cando te reúnes comigo, entón ....

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta pero cantas veces nos reunimos, Luís. Nin que nos reuníramos tódolos venres.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago contesta cando me chamas.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta por iso, pois agora xa che vou a chamar mais, e xa vas ter a oportunidade de dicir o que consideres.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago contesta que me chamas as 9 para aparecer as 10.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago pregunta porqué se suprimiron certas actividades para os máis cativos, coma por exemplo, actividades acuáticas?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta pois porque se ofreceron outras.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifesta que traio tres rogos para facer.

1º) Rogo tomen medidas o máis pronto posible para solicitar o arranxo do anaco de beirarrúa semiderrumbado na zona da Avda. da Coruña, donde a Cruz de Baixar, antes de que poida ocorrer calquer día unha desgraza, porque non ten recheo no interior e está todo no aire. Sabes ao que me refiro, non?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que demos parte nós, por primeira vez a carreteras, que non tiña coñecemento diso, e debido ao parte que nós fixemos, pois fexeron a actuación. E son eles quen a están facendo. Pedímoslle unha actuación urxente porque nós non podemos actuar aí. Vostede saberá que o concello non pode actuar onde queira.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago manifesta que xa puntualicei "solicitar o arranxo".

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que solicitamos mais, porque no momento en que nos demos conta, chamamos ao vixilante de estradas e compareceu no momento ante a alarma creada e están niso.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Despois de moitos anos solicitando creo que dunha vez, débesele encontrar ubicación e poñerlles aos taxistas unha caseta digna para poder levar a cabo o seu traballo. Polo que rogo que se lle poña esta caseta.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que eu non sei se vostede falou cos taxistas, eu xa cheguei a un acordo con eles, vostede saberá que ese espazo no que están é de Portos, e primeiro temos que asinar un convenio que quedou sen asinar pola anterior corporación, que era moi urxente, pero non souberon chegar a un acordo nin chegar a asinalo. Nós estamos nesas e poñerémolle a caseta, eu xa me reunín con eles. Vexo que vostede non falou recentemente con eles.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago contesta que hoxe pola mañá, por exemplo.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta pois entón falou con alguén que non o puxo ao tanto.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago contesta que eu simplemente estou facendo un rogo para que se lle dea solución.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta pois esa é a solución. A solución é dicirlle si, claro que o imos facer, pero non podemos facelo en casa allea. Cando teñamos ese convenio nós imos facelo.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago contesta que acabo de comentar que o rogo é encontrar ubicación e poñerlla. A ubicación pode ser aí ou noutro sitio. Eu non me estou referindo ao que vostede se está referindo. Simplemente estou dicindo, encontrar ubicación e poñerlle o servizo, que despois de moitos anos, creo que é ...

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que pois nos levamos mes e medio e xa lle encontramos sitio. Hai que asinar o convenio con Portos que está sen asinar.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que podería facer varios incisos, pero vou facer un só. O vixiante de estradas se lle dixo a vostede que é a primeira vez que ten coñecemento do problema que había alí, meniíulle.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta "documentalmente, que é a forma en que hai que facer as cousas, as solicitudes na administración, non ao mellor nunha cafetería.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que non fai falla facelo documentalmente. A AXI nos seus sitios, ten a potestade de actuar de oficio en canto teña coñecemento, calquera coñecemento. O vixilante ven todas as semanas a Fisterra, cando non é unha son dúas veces. E desde o principio tivo coñecemento do problema.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, pregunta se hai algunha mais con mais consistencia.





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que isto era só o principio. Preguntas. En que situación está a tramitación do Plan do Casco Vello?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta no punto en que o deixastes ti, ao teu pracer.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, pregunta non chegou ningún informe mais nin nada, non?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que nada mais.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, pregunta e o estado de tramitación da Modificación Puntual do Plan Xeral que tamén iniciamos nos?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta pois está tal cal como ti quixestes. Nese punto aínda non lle toquei porque non chegou aquí de volta. Está no tramite en que ti o deixaches.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta non creo, porque os prazos seguen. Se non enviaron ningunha contestación da Xunta, con contestarme iso xa está.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta xa che digo, está tal cal como o deixaches ese punto.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, pregunta teñen pensado que Fisterra siga formando parte do destino turístico starlight?.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si. Hoxe tivemos unha reunión en Baio.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que digo isto porque vexo algunhas declaracións do eu partido que me preocupan. Porque en referencia a reparación do alumbrado do paseo marítimo, agora algún iluminado, non sei se algún dos 17 concellos que asinaron ese, somos 17 iluminados a falar do destino turístico starlight. Quero recordarlle que ese é un acordo que tomamos 17 concellos da costa da morte, porque é un destino turístico importante para nós, porque o podemos ter e certificar, e aquí neste pleno aprobouse unha declaración de protección do ceo nocturno.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, preguntalle ao Sr. Marcote, se iso significa ter as luces do paseo estropeadas desde mais de dez anos? Pois nós solo as arraxamos.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que non. Creo que non me estás entendendo. A min paréceme moi ben que as arranxe, pero quero dicir que non fai falta facer referencia a nada de starlight, por certo, formar parte do destino turístico starlight

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, dille ao Sr. Marcote que non me dea clases aquí de nada porque non ten sentido.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que estou na miña quenda da palabra. Quero dicir que podían ter feito o mesmo, gastando os mesmos cartos e as luces estar certificadas starlight.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que xa o pudo facer vostede dous anos antes ou un ano antes.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que aínda non fai un ano que se aprobou.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, comenta que non pregunta nada da obra do Pavillón porque xa preguntou ...

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta non pregunte non, non pregunte.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta, pois mire, está claro que a obra do Pavillón ten mais problemas dos que en principio pensabamos todos, por iso nos tivemos que reformar o proxecto tres veces, e agora hai que volver a reformalo.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifesta que esa foi unha ineptitude total. Poñerse a facer algo con catro patacóns, e ademais aí esta a seguridade dos traballadores.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que o proxecto non o fixen eu. Eu era alcalde, non técnico.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que pero vostede era quen mandaba no concello. Non se pode dicir faime aquí por catro pesetas algo que se lle escapaba das mans.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que non fale de mais. Nós ao proxectista non lle demos un prezo.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta entón vostede foi tonto.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, pregunta porque?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que porque vostede debería dicirle faime unha rehabilitación integral e non catro paridas alí. E os pilares non os miráchedes, nin o amianto

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que iso fano os técnicos ou vai facer vostede o proxecto novo?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta eu revisarei o proxecto. Vostede non revisaría o proxecto da súa casa? Non ten esa capacidade? Eu téñoa.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que eu desde o punto de vista técnico, non vou revisar nada.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta pois claro, así che foi.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que temos unha alcaldesa enxeñeira.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que tedes unha alcaldesa interesada en todos os temas que toca.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, pregunta como está a licitación do mercado? Está adxudicado?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que segue o seu ritmo. Non, aínda non está adxudicado. Non sei como non o adxudicou vostede que tivo catro anos. Eu levo mes e medio aquí.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que falar con vostede realmente resulta moi complicado. Como imos aprobar e licitar unha obra antes de ter proxecto nin nada. A obra licítase cando tes todo feito. Nós comezamos a licitación

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta e vos tivéchedes catro anos para licitar e eu teño mes e medio

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta non engane á cidadanía. Supoño que a estas alturas vostede ten que saber cal é a diferenza entre facer un proxecto e licitalo

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que eu xa fai moitas alturas que o sei, José Marcote.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que non o parece.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que non lle parece a vostede, que xa dixo que non entendía de proxectos, eu si.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que é o que deduzo do que dí. Unha pregunta. A festa da praia, tiña autorización de costas?

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta que tiña as mesmas autorizacións que tódolos anos que se fixo. Fíxose a festa da praia como se fixo sempre. A min non me pediron autorización para facela. Pedíronme cartos.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que nós, que eu recorde, mentres eu estiven, non temos ningunha autorización para a festa da Praia.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez pregunta, en calidade de que está a traballar Juan Francisco Martínez Canosa, creo que é.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta que Juan Francisco Martínez Canosa, non está traballando no concello.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que temos coñecemento de que está facendo labores no concello, e ata onde sabemos, non é traballador eventual nin ten contrato de servizos con concello

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta que non está traballando no concello, Juan Francisco é coordinador do partido e pode despachar comigo cousas no meu despacho, xa que estou horas abondas, que non sei se vostede as pasaba.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que non, eu estaba na casa todo o día. Dígolle isto, porque acaba de saír na prensa que por labouras parecidas ou iguais, non o sei, a oposición do concello de Ponteareas meteu o caso na fiscalía. Non estou facendo ningunha ameaza, que non se me ocorre facer semellante cousa.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta mire, vostede acaba de dicir, parece que din, cando vostede teña probas fehacentes de algo, presente en Fiscalía ou onde lle pareza.

Intervén o concelleiro do Alternativa dos veciños, Sr. Francisco Martínez Traba, manifestando que podíadeslle pedir tamén ese permiso cando viña Juan da Pinichota e mais Picallo ...

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, diríxese ao secretario accidental para pedirlle que conste en acta este comentario.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que falou vostede antes dun convenio con Portos, un convenio que hai tempo que xa está no concello e eu pregúntolle: vai a traer ese convenio a pleno para que o aprobemos en pleno ou vai solicitar un informe de intervención sobre as consecuencias económicas para o concello dese convenio

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta que si, vou solicitar un informe. E logo xa verei se teño que traelo ao pleno ou non. Se non teño non o vou traer. Por que son 3 de 11. Se non teño necesidade non vou traelo, pero si teño vou traelo, e antes de traelo traballareino con vos e estudiarémolo as veces que queirades

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que pode levalo a esa comisión que acabamos de crear.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta exactamente.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que para rematar só vou facer un rogo. Vostede pode estar de acordo ou en desacordo coas decisións que se tomen aquí, entre os concelleiros. En iso, evidentemente, ten todo o dereito do mundo, tanto vostede como o resto que estamos aquí. Isto é unha cuestión de propostas que se votan e cada un vota libremente dentro da legalidade, evidentemente, pois non imos votar ilegalidades que para iso está o secretario-interventor, pero iso non da dereito a menosprezar ou insultar ao resto dos concelleiros, porque nós, polo menos os do partido socialista non somos machistas, e entendo que os do partido popular tampouco. Dicir como dixó vostede ...



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta entón teño que chamarvos explotadores.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta pois chame vostede o que queira. Voulle dicir que por favor non nos insulte, non lle íba pedir máis, pero se quere seguir insultando, pois siga. E o que lle vou dicir é o que lle reitero, non insulte a ninguén, que non fai falta insultar á xente, vostede sabe perfectamente que non ten nada que ver co machismo

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta eu non insultei a ninguén, non utilicei insultos, só utilicei adxectivos calificativos, pero non insultos.

O voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifesta que o seu grupo sumase ao rogo que está comentando o voceiro do grupo socialista.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, manifesta que aquí neste pleno, por iniciativa deste señor (San Carlos Sar Oliveira) que teño ao meu lado, a miña esquerda, tomouse o acordo de dicirlle a xente de que hai que respectar esta institución e hai que respectar á xente. E non fai falta faltarlle o respecto a ninguén para defender cada un as súas posturas que son moi dignas. Pero eu creo que hai palabras que sobran.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta que pero resulta que palabras dignas, para min as vosas, nese sentido parécenme faltas de dignidade política. Entón, así o digo, son adxectivos calificativos non son insultos.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta pois non use adxectivos calificativos na nosa persoa.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta que iso non mo pode privar, pode privarme o salario, pero o uso da palabra non mo pode privar.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez, contesta que eu non lle vou a poñer a vostede ningún adxectivo calificativo. Non se preocupe, que miña nai doume mais educación.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que van estar os plenos tensos na lexislatura, eu invítovos a todos a facer ioga, é moi bo, relaxa e podes levar unha vida mellor. Eu antes tamén o levaba así desa maneira. Eu tamén iba preguntar pola licitación da casa da cultura e xa dixeches porque non estaba. Eu quero deixar claro que foi algo que se traballou moi duramente desde a nosa área. Tráballose do mesmo xeito que se avariou un camión tamén un funcionario fai mal un traballo e queda a cousa aparcada , entón tes que repetir, tes que ir mil veces a Deputación, tes que traballalo e tráballose durante moito tempo, durante catro anos, estivemos a punto de perder a subvención porque a primeira vez que nola deron foi no 2019 e tivemos que facer moita forza para non perdela e cando marchamos quedaba case listo. Eu quero dicir que se traio a pregunta de como vai a licitación da casa da cultura e para saber en que estado vai, presentáronse os informes pola empresa que lle tocou a adxudicación porque tiña unha baixa temeraria ou algo así, e simplemente pregunto por iso, pero o que quero deixar claro é que nos oito anos anteriores no goberno tráballose, e tráballose no Pavillón, uns proxectos pasan e o da casa da cultura tamén. A casa da cultura tiña un proxecto inicial moi baixo que houbo que



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

modificar despois houbo un problema coa Deputación que o funcionario de quenda esqueceuse de metela e quedou durante dous anos fora ata que o recuperamos. Digo que non se fixo antes porque houbo problemas polo Covid.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sixto, contesta que non tes que xustificarte de ningunha maneira. As cousas están como están, onde están, e eu levo mes e medio aquí, vou facendo pouco a pouco, sen descanso, un día tras outro.

O voceiro do grupo PSdeG, Sr. José Marcote Suárez maniféstalle ao Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, non te preocupes que a ti non che vai contestar mal.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que a quen me trata con respecto, merece o mesmo respecto.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, pregunta se teñen pensado facer o desbroce das pistas forestais dentro do programa da loita contra incendios.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, contesta que está bastante alto. Nós acostumabamos a facelo en agosto, normalmente nunha o fixemos antes de agosto.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que nós pretendemos facer un continuo.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que entendo que nesta comisión de asuntos varios que nos comentastes, podes explicarnos que tes pensado co cemiterio? Na prensa lemos o outro día que estaba xa mirando a posta en funcionamento do cemiterio de Cabanas.

A Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si. A intención si. Falaremos.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta, polas acampadas e as autocaravanas, pregunto se a Policía Local fixo algunha actuación ao respecto?

O concelleiro do grupo Alternativa dos Veciños, Sr. Francisco Martínez Traba, contesta que a si, a Policía Local fixo algunha actuación.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que sobre as caravanas tamén as facían cando estabamos nós. Cando as caravanas teñen as mesas fora e as ve a Policía Local, poden actuar. Non fai falla que haxa unha ordenanza.

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que pouco podes facer. Cando vos queirades e teñades a ben, aprobaremos a ordenanza en pleno e iremos nese sentido. Os campamentos é outro ...

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que é traballo da policía local.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que traballo noso é ter a ordenanza e dotalos a eles da norma que poden utilizar para ter mais forza.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, pregunta polas actividades de buceo, pero xa contestastes que se fixeron outras no seu sitio. Aproveito a preguntar pola biblioteca, se se vai dotar de persoal fixo ou se vai seguir traballando con voluntariado.

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que de momento con voluntariado.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que xa o falamos, ao non ter persoal fixo perdemos moitas subvencións na Xunta, entón sería bo, ter persoal fixo.

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si, pero xa sabedes que para ter persoal non é tan doado. Entón temos que tirar de voluntarios, que por sorte temos.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que ten un rogo. Que se desbroce e que se limpe a baixada a Mar de Fora na zona da Insua, a que baixa polo invernadoiro, está bastante mal.

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que queda recollida. Onte estaba traballando por aí o concelleiro.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, continua con outro rogo, este si que o vin onte, hoxe puido estar feito, o desbroce da zona do parque biosaudable da Praia Langosteira sembróuselle céspede e non saiu, púxoselle un trebol e agora está bastante alto, quedou todo nivelado o terreno e queda bastante ben.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, continua con outro rogo, na zona de Vilar, tamén quedaba para rematar, meterlle unha balastrada, pedida pola Asociación de Veciños que vai usar a escola e mais un pequeno desmonte, nivelar un pouco a parte de atrás da escola.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que, falando dos contenedores que había alí, ese sistema mirámolo nós de poñerllo, o que pasa é que foi cando estabamos rematando, acabouse e aí quedaron os contenedores.

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que os contenedores levaban sete ou oito meses alí.

Sigo e acabo, porque ten que haber no almacén, creo que son 17 pero non estou fixo, papeleiras para substituír no paseo marítimo.

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que si, xa utilizamos algunha. De feito as de Sardiñeiro que puxemos eran desas.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que ademais no almacén hai unha balastrada para substituír aquí nesta praciña daquí abaixo, na zona da dereita que lle falta, que xa estaba feita e só hai que poñela.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

A Sra. Alcaldesa dona Áurea Domínguez Sisto, contesta que non teño coñecemento diso.

O voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifesta que fai unhas semanas no Paseo da Praia Langosteira, pola zona do chiringuito As Dunas, hai un verquido de augas residuais. Nesa zona xogan os cativos e ademais e unha praia produtiva de marisco. Miren de onde pode vir ese verquido.

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 21:35 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.